

Os gardiáns da Lúa



Ana e Luís viven nunha vila situada a carón dun río. Na outra beira hai una carballeira inmensa onde xogan todas as tardes cos seus amigos até que o sol se pon.

Dende a carballeira vese a casa de dona Rosa, situada nunha lomba, nas aforas da vila. Dona Rosa é a dona das terras da outra beira do río, incluído o extenso bosque.

Un día, cando xogaban, viron uns homes que medían o terreo. Cando ían de volta pararon na casa de dona Rosa para preguntarlle se sabía que facían eses homes e ela díxolles que lles vendera as terras para facerse rica.



Ao outro día, nenos e nenas reuníronse ao redor do Gran Carballo para buscar una solución e poder deter as máquinas que axiña virían.



Acordaron pedirle axuda aos seres máxicos do bosque: un trasno, unha bruxa e dúas fadas verdes que decidiron ir pola noite á casa de dona Rosa para pedirle que non venderá os terreos, pois os nenos e as nenas non terían onde xogar.

Algúns días despois, cando Ana, Luís e os seus amigos se achegaron á carballeira, descubriron que as cordas, as estacas e as máquinas desapareceran.

Dona Rosa negárase a vender. Ningúen sabe as razón dun cambio tan inesperado. Pasara horas e horas sen poder durmir, lembrando as visitas nocturnas dos seres máxicos.



Despois de ler

1. Escribe os nomes dos personaxes do conto:



2. Ordena as frases seguindo o conto:

- Os nenos e as nenas buscaron unha solución.
- Dona Rosa quería vender as súas terras.
- Ana e Luís van xogar á carballeira.
- Dona Rosa negouse a vender os terreos.
- Os seres máxicos resolveron o problema.

3. Explica que cres ti que ocorrería se dona Rosa vendese os terreos da carballeira: